




- Fai un resumo en tres liñas coma se explicases a alguén a película.
- Que é o que vos gusta, ou non, do seu modelo de vida?
- Que é o que vos parece máis difícil no seu camiño cara á escola?
- Como reaccionarías ti se foses un deles?
- Cal ou cales destes nenos gustaríavos que fose(n) voso(s) amigo(s)?



Samuel foi axudado polos seus irmáns no camiño á escola, e polos seus compañeiros unha vez chegaron ao colexio. Para vós:

- Este feito significa solidariedade?
- Tedes exemplos de accións solidarias ao voso ao redor?
- E vós, Con quen sodes solidarios? Cos vosos familiares, na vosa clase, no barrio, con descoñecidos?



- Por que a avoa de Zahira non puido ir á escola?
- Considerades que os nenos e as nenas son tratados da mesma maneira en todas as escolas do mundo?
- E na vosa clase?